



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE COLEXIO OFICIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DA PROVINCIA DE LUGO E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) A Escola Galega da Administración Pública –dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación aos empregados públicos.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

(2) **Antecedentes:** En canto á colaboración entre as institucións asinantes cabe sinalar que se vai a establecer unha nova colaboración entre elas. Si xa se teñen asinado convenios de colaboración con Cosital Pontevedra e con Cosital Madrid, nos mesmos termos que este.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de secretarios, interventores e tesoureiros un convenio de colaboración que terá un período de vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016.

(4) O Convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e de organizacións de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A) Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.

B) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.

C) Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

galicia

D) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

(6) A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2016.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2016.

O Secretario da EGAP

